



## COMISIÓN PARA A INTERPRETACIÓN DOS CRITERIOS DE XESTIÓN DE LISTAXES DE ESPERA

No ámbito de aplicación dos criterios de xestión de listaxes de espera, a Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos, propón modificar o apartado 4 do bloque II. Constitución de listaxes de espera.

Reunida a Comisión de Interpretación, ACORDA:

Darlle nova redacción ao apartado 4 do bloque II. Constitución de listaxes de espera, que queda como segue:

4.- A orde de prelación das listaxes será a seguinte:

- a) Serán sempre preferentes, as listaxes de espera derivadas de oposición.
- b) Listaxes complementarias ás anteriores que se poden organizar en cada Campus, para cubrir temporalmente postos de traballo. A orde de prelación destas será a seguinte: en primeiro lugar as que se deriven de convocatoria pública e a continuación as que resulten das ofertas ao Servizo Público de Emprego.

Esta orde de prelación será de aplicación ás listaxes de espera que se xeren a partir da data de sinatura deste acordo.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016

Pola Universidade

José Manuel Villanueva Prieto

Pola Xunta de Persoal

Xoséfina Rosa Guitián Lema

Polo Comité Intercentros

Enrique Taçon Fernández

## COMISIÓN PARA A INTERPRETACIÓN DOS CRITERIOS DE XESTIÓN DE LISTAXE DE ESPERA

No ámbito de aplicación dos criterios de xestión de listaxe de espera, a Xunta de Persoal funcionario de Administración e Servizos propón unha nova cuestión que non figura recollida nos criterios, e que supón levar a cabo unha modificación do capítulo VII, apartado 2.3.

Reunida a Comisión de interpretación, ACORDA:

- 1- Modificar a redacción do apartado citado, no senso de estender a eficacia do acordado ao persoal funcionario, cando o seu nomeamento remate como resultado da execución dun concurso de méritos.

- 2- Darlle nova redacción ao apartado 2.3, que queda como segue:

"2.3. Cando a finalización dun contrato de persoal laboral ou o nomeamento de persoal interino, se produza pola execución dun concurso para a provisión de postos, será de aplicación o disposto na excepción contida no apartado 2.2 a) deste capítulo VII.


O persoal que cese, redistribuirase nas vacantes resultantes do concurso, de acordo coa orde que ocupen na listaxe de espera. No caso de que quede persoal sen recolocar, por non existir suficientes vacantes, esas persoas volverán a listaxe de espera mantendo a orde de prelación que orixinariamente tiveran na mesma, sempre que esta continúe vixente".

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

Pola Universidade

Pola Xunta de Persoal

Polo Comité Intercentros



Mª Lourdes Batán Aira



Antón Romero Banzas



Enrique Tacón Fernández

**COMISION PARA INTERPRETACION DOS CRITERIOS DE XESTION DE LISTAXES DE ESPERA.**

No ámbito de aplicación dos criterios de xestión de listaxes de espera, plantéxanse dúbidas de xestión do punto 3, bloque VII cando se dea un suposto moi concreto, polo que cómpre adoptar o acordo que corresponda para a adecuada xestión das mesmas.


**ACORDOS**

Primeiro.- Cando por lei proceda incorporar mediante adscrición provisional, persoal fixo de plantilla, cesará na vacante o traballador interino que non pertenza a listaxe vixente, ou o que peor lugar ocupe na listaxe de espera en vigor con independencia de que estea ocupando vacante en virtude de listaxes decaídas.

Segundo.- Cando non coincida o Campus no que está contratada/nomeada a persoa interina que lle correspondería cesar, co do traballador fixo que se vai adscribir provisionalmente, procederá o cese do interino que peor número de orde teña na listaxe e que estea prestando servizos no Campus de destino do traballador fixo.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2009

Pola Universidade




Dulce M. García Mella

Pola Universidade



Carmen Mejuto Ferreiro

Pola Xunta de Persoal



Lucía Rodríguez Martínez

Polo Comité Intercentros



Carmen Xove Ferreiro

## COMISION PARA INTERPRETACION DOS CRITERIOS DE XESTION DE LISTAXES DE ESPERA.

No ámbito de aplicación dos criterios de xestión de listaxes de espera, plantéxanse novas cuestións que non figuran recollidas nos propios criterios polo que, cómpre adoptar os acordos que correspondan para a adecuada xestión das mesmas.

### ACORDOS


Primeiro.- Cando na elaboración dunha listaxe de espera sexa insuficiente o criterio de desempate previsto no bloque V dos criterios de xestión de listaxes de espera, aplicarase como novo criterio, a orde alfabética a partir da letra que resulte do sorteo a que se refire o regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia que estea vixente nesa data.

Segundo.- Para ofertas de vacantes e substitución de traballador superior a un ano, as distintas especialidades asociadas a unha categoría, consideraranse como se foran categorías distintas e polo tanto susceptibles de ser ofertadas.

Terceiro.- Aquelas persoas que se capacitaron para as categorías de oficiais de servizo e auxiliar técnico de informática procedentes de listaxes de espera complementarias ás de oposición, e que tamén formaban parte da listaxe de mozo de servizo derivada de oposición, insertaranse na orde que lle corresponda na segunda listaxe de oficiais de servizo e auxiliar técnico de informática actualmente en vigor.


Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2008

Pola Universidade



Dulce M. García Mella

Pola Xunta de Persoal



Luis Vila Rodríguez

Polo Comité Intercentros



Dores Chedas Hervés